



Concello de Ortigueira

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expte: 1576/2024

Asunto: Apertura de novo prazo para presentación ofertas

Procedemento: Aberto simplificado sumario para a contratación das obras Melloras na Residencia de Anciáns Dolores Diaz de Davila

Antecedentes:

Por resolución da alcaldía 2024-838 de data 09.08.2024 aprobouse o expediente de contratación das obras comprendidas Memoria valorada “Melloras no interior de residencia de anciáns Dolores Diaz de Davila”, redactada pola Arquitecta técnica municipal Marta Cortes Sierra (CV: 7RYGTZNSAN64PJ59Q3XD55J5J), cun orzamento de base de licitación por importe de 50.000,00 euros e consecuentemente, aprobar a documentación que o integra, mediante procedemento aberto simplificado sumario

Publicado o día 09.08.2024 na plataforma de contratación do estado a licitación para a adxudicación de devandito contrato concedendo ata o 26 de agosto de 2024 para a presentación de ofertas.

Incorporase ao expediente 1576/2024 facendo constar que no prazo concedido para a presentación de ofertas non se presentaron

Estimase que é necesario executar as obras de Melloras no interior da Residencia de Anciáns Dolores Diaz de Davila”, e que non é necesario introducir modificacións na memoria técnica nin do procedemento acordado para a súa licitación

Consecuentemente, no uso das atribucións que me están conferidas

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir un novo prazo de dez días hábiles, contados a partir da publicación do correspondente anuncio na plataforma de contratación do estado, para a presentación de ofertas para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado sumario das obras “Melloras no interior da residencia de anciáns Dolores Diaz de Davila”, por importe de 50.000, 00 euros IVE incluído.

Segundo.- Publíquese o correspondente anuncio na plataforma de contratación do estado aos efectos oportunos

En Ortigueira, na data que figura na marxe

José Valentín Calvín Fondevila

Alcalde

Dilixencia de Secretaría Xeral

Para facer constar que , para os efectos so disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas; esta resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura.

A Secretaria actal

Maria Luisa Sierra Vale





Concello de Ortigueira

Documento asinado dixitalmente

Cod. Validación: 74W9PKLXQHX52POMJNYAARHDK
Corrección: <https://ortigueira.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536

